

Manifestación Ciclonudista en Coruña. Sábado 9 de xuño

Xoves, 07 de Xuño do 2007

Cando

imos en bici, pola calzada, ocupando o centro do carril e a unha velocidade de 15 km hora, estamos exercendo o noso dereito de liberdade de mobilidade. O que ven detrás e solta improperios ou utiliza a bucina pedindo que o deixes pasar é unha persoa non informada. Non sabe que ti tes dereito a ir polo medio do carril á velocidade que ti queiras mentres non excedas os 50 km hora. É probable que tampouco saiba que a velocidade media na cidade é de 20 km hora. E o que seguro que non sabe é que se che adianta sen deixar 1,5 m pode perder 3 puntos no carné de conducir. Simplemente está a faltarche ao respecto. Respira e pedalea.

Cando

imos á praia e ficamos espidos, poucos saben que estamos exercendo o noso dereito a liberdade de indumentaria. O que ven ameazante dicindo que vai chamar ás autoridades é unha persoa non informada. Non sabe que ir espido é libre en calquera espazo público e non require de autorización. Simplemente esta a faltarche ao respecto. Respira e disfruta do sol.

O

día 9 de xuño imos coincidir un grupo de homes e mulleres coa finalidade de reclamar dous dos nosos dereitos, so relacionados entre si, porque son vulnerados diariamente por xente non informada.

Estamos

nun momento importante na vida política local ao iniciar unha nova lexislatura con catro anos por diante. Pór as bases para que os dereitos dunha persoa ou grupo de persoas sexan respectados, ten que ser unha das máximas de calquera político democrático, e non se pode, ano tras ano, agocharse tras a escusa de que hai outras cousas máis importantes que facer.

Dereito a libre mobilidade e a libre indumentaria, doado de cumprir.

A

marcha ciclonudista é un evento que se celebra o mesmo día en diferentes partes do mundo, entre elas varias cidades do Estado Español.

Marcha

Ciclonudista en Coruña. Sábado 9 de xuño. Saída ás 12h da Praza de María Pita, logo dun festivo percorrido pola cidade finalizará na praia das Lapas.

Percorrido:

Praza de María Pita, Rego de auga, Fama, Avenida da mariña, Rúa nova, San Andrés, Praza de Pontevedra, Juan Flórez, Betanzos, Praza de Lugo,

Ferrol, Marcial de Adalid, Emilia Pardo Bazán, Fontán, Praza de Galicia, Rosalía de Castro, Francisco Mariño, Cordonería, Panadeiras, Praza de España, Millán Astray, Baltasar Pardal, Campo da Estrada, Hospital, Paseo Marítimo, Regata Cutty Shark, Paseo dos menhires, Avenida de Navarra, Paseo , Praia das Lapas.

Mapa do percorrido:

<http://www.bikely.com/maps/bike-path/Ciclonudista-A-Coru-a>

Nota: Segundo as circunstancias, o percorrido poderá modificarse lixeiramente durante a marcha.

Máis información en:

<http://ciclonudista.net>

<http://bicis.info>

<http://masacriticacoru.mundoforo.com>

Información sobre o nudismo:

<http://www.box.net/shared/zadvl1nu32> (legalidade sobre o nudismo)

<http://ene-naturismo.org>